

Celga



Certificado
Lingua
Galega

4

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C4-B-IV-22

PARTE 1 (Vídeo)

A continuación, vostede vai ver un vídeo dúas veces seguidas. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o contido do vídeo.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

Voz en off: Na cultura popular galega, o lobo é un símbolo. O mito e as lendas multiplicaron a súa figura *convertíndoo* nun animal totémico. No pasado, era común pensar que, se nunha familia había sete ou nove fillos varóns seguidos, o último converteríase en lobishome, e é ben coñecida a historia de Manuel Blanco Romasanta, que foi un asasino en serie que na súa defensa argumentou que estaba posuído por unha maldición que o transformaba en lobo. No imaxinario relixioso, por exemplo, san Froilán amansa un lobo facéndolle transportar a carga que antes carrexaba o burro devorado.

O lobo tamén deixou unha fonda pegada na toponimia ao longo do noso territorio. Existen no país moreas de nomes que vencellan o animal a un lugar, e na nosa tradición acostumábase a empregar o dente de lobo como amuleto de protección fronte ao propio animal.

O lobo é un símbolo e, como tal, é parte da nosa cultura como pobo, un patrimonio valioso e común que coidar. Con todo, nunha escoita atenta á realidade cotiá do mundo rural, a relación entre o home e o lobo segue sendo orixe de moitas discrepancias, *sendo* motivo, xa vello, de rifa entre gandeiros e ecoloxistas.

Recentemente, a Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e de Biodiversidade aprobou incluír o lobo na lista de especies silvestres en réxime de protección especial, o que suporía que a especie deixaría de ser cazable tamén en Galiza.

Neste ditame recoméndase unha maior protección do lobo ibérico en toda a península, pola súa importancia como patrimonio cultural, científico e polos servizos ambientais que a especie repercute nos ecosistemas naturais.

A inclusión do lobo no *listado* de especies silvestres en réxime de protección obrigaría ás nosas institucións a reformular o plan de xestión para establecer novas medidas de protección do lobo. Así e todo, a Xunta argumenta que a poboación do lobo en Galiza *ten aumentado* de forma significativa nestes últimos anos e que a especie é a causante da desaparición de razas de gando autóctonas e consideran que a súa poboación debe ser controlada.

Secretario técnico de ADEGA: A decisión do Ministerio de incluír o lobo na listaxe de especies en réxime de protección especial parécenos moi acaída, completamente lóxica. Reparade en que o lobo, a situación do lobo no Estado español era absolutamente anómala. Resulta que do Douro para baixo era considerado unha especie protexida, non se podía cazar, e do Douro para riba era unha especie cazábel. Tanto en Castela e León, como en Asturias e en Galiza, podíanse matar lobos, de distinto xeito. En Castela e León entraba dentro da orde de vedas, por exemplo, e podía-se cazar, había un *cupo*, logo tamén estaba a caza por danos, mais en Galiza o lobo estaba sometido a un plano de xestión que permitía, en determinados casos, sobre todo por danos, a intervención para extraer, eliminar determinados exemplares. Ben, *esto* agora rematou.

Gandeiro: *Bueno*, a verdade é que o lobo levaba tantos anos *sin* aparecer por aquí que xa se consideraba unha especie non endémica, non nativa da comarca, non? Entón, por iso tamén os danos son tan sorprendentes, son tan chocantes, non?

E, *bueno*, hai que recoñecer, a pesar de que consideremos que é un animal *maxestuoso*, de *leyenda*, de fábula, totémico, todo o que queiramos, non? Pero, que é prexudicial, sobre todo para a gandería, non? e hai que telo controlado, non exterminalo, repito *hasta a saciedad*, non, hai que controlar a súa *población*.

A caza é un deporte, é unha *actividad*, *bueno*, que vén de tempos inmemoriais e que, ademais, eu creo que, o que *comentábamos* antes, que é produtiva, non? e que é necesaria para o equilibrio *poblacional* das especies, non? Entonces, por eso, pois, defendo a súa caza, pero, repito, ben regulada, non?

Voz en off: Certamente, o lobo é case o único adversario que o home ten no *entorno* natural e, en ocasións, pode afectar gravemente aos seus intereses económicos. As institucións deben compensar a perda de pezas de gando, feito que non sempre acontece debido á dificultade na demostración dos seus ataques e ós atrancos burocráticos nestas xestións.

Asociación Rapa das Bestas de Sabucedo: Tradicionalmente, cando o seu ecosistema estaba dun xeito natural, é dicir, *sin* moita inxerencia, o que facía o lobo era algo que, por unha parte, pode ser negativo, non? porque mata os animais, pero por outra era positivo, no sentido de que o lobo, como é un animal moi intelixente, atacaba ás bestas máis enfermas e máis débiles, pero o que facía era unha selección da especie, é dicir, ao acabar con estes animais máis débiles non transmitían os seus *xens* e os animais enfermos tampouco e, polo tanto, as xeracións que se *iban* producindo das bestas eran cada vez mellores, non? Nós entendemos aos gandeiros, que, claro, que reclamen axudas e control por parte da Administración, pero nós o que cremos é que a solución non cremos que sexa unha solución cinexética, senón unha solución máis ben de base científica, é *decir* de estudar os censos, de dedicarlle tempo e despois de que sexa a propia Administración a que se ocupe de retirar o lobo do monte cando entendan que hai demasiado, evidentemente.

Voz en off: Nunha sociedade rural tan precarizada, onde o mundo moderno empurra os homes e mulleres cara ás cidades, pretender vivir no rural é case un acto de rebeldía, e é lóxico que nestas disputas que afectan ás nosas vilas apareza a carraxe. As nosas

relacións coas demais especies do *entorno* natural teñen que partir dun equilibrio conxunto como sociedade e unha análise científica e sosegada. A loita non é entre o lobo e o home, non debera selo. A loita é por un rural posible e vivo. Se o logramos, a nosa relación co noso *entorno* natural será, por forza, máis proporcionada, e aí hai espazo de abondo para todas e todos, tamén para o lobo.

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
Orientacións para o persoal avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que a poidan incomodar ou as que resulten molestas.	
■ Como se chama? ■ A que se dedica? ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
Orientacións para o persoal avaliador: a persoa candidata ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:	
Faga un resumo do contido do artigo. ■ Como se considera o lobo na cultura popular? ■ A que colectivos enfronta a presenza do lobo no mundo rural? ■ Cal é a visión de cada un destes colectivos? ■ Que supón a inclusión do lobo na listaxe de especies en réxime de protección?	

3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
Orientacións para o persoal avaliador: a persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle á persoa candidata que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumento sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indicáraselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que a persoa candidata poida ser debidamente avaliada. Se a persoa candidata tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte. Realice unha exposición acerca dos seguintes enunciados: A. O verdadeiro sentido da natureza é satisfacer as necesidades e os intereses das persoas. B. As axudas institucionais son fundamentais para incentivar os sectores agrícola e gandeiro no rural. C. A caza diminúe o estrés e proporciona un benestar físico e mental a quen a practica, ao estar en contacto coa natureza. D. Cada vez hai máis xente que quere vivir na aldea, pero sen adoptar os hábitos de vida e sen aceptar as incomodidades do rural.	
4. INTERACCIÓN	4 minutos aprox.
Orientacións para o persoal avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo coa persoa candidata. A opción de preguntas que se lle dará á persoa candidata (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata. Ademais, é moi importante que se force a CONTRAARGUMENTACIÓN para poder avaliar a súa capacidade argumentativa.	

OPCIÓN A

O verdadeiro sentido da natureza é satisfacer as necesidades e os intereses das persoas

- Pensa que as normas de protección da natureza se fan para protexela ou para que as persoas poidan explotala? Por que?
- Cre que a convivencia entre o home e os animais é harmoniosa? Por que?
- Está de acordo con que se reintroduzan nos montes animais coma o lobo ou o oso, que xa desapareceran? Por que?
- Coida que sería posible unha convivencia equilibrada entre o ser humano e estes animais se as comunidades rurais recibisen máis axudas?
- Que lle parece que sexa o home quen decida que determinados animais deben habitar, ou non, zonas concretas?
- Que opina de que isto se faga con fins turísticos ou para a caza?

(Se procede)

- Existen diferenzas ou semellanzas na relación do home coa natureza en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

As axudas institucionais son fundamentais para incentivar os sectores agrícola e gandeiro no rural

- Pensa que a convivencia harmónica entre o home e o lobo sería posible se as comunidades rurais recibisen máis axudas? Por que?
- Cre que subvencionar as actividades agrarias é unha forma viable de asentar poboación no rural? Por que?
- Opina que estes sectores deberían recibir máis axudas, ao estaren expostos a danos naturais como inundacións, secas ou pragas, que non lles afectan a outras actividades?
- Cre que a xente pode chegar a simular danos para cobrar axudas que non lle corresponden? De ser así, como pensa que podería solucionarse este problema?
- Pensa que as persoas que montan un negocio e gozan dos beneficios deberían asumir tamén as perdas, sen botar man das axudas públicas? Por que?
- Cre que o emprendemento e a innovación en determinados ámbitos serían posibles sen o apoio das administracións? Por que?
- Parécelle que as subvencións e as axudas limitan a autonomía e a creatividade? Por que?

(Se procede)

- Existen diferenzas ou semellanzas nas axudas a estes sectores en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

A caza diminúe o estrés e proporciona un benestar físico e mental a quen a practica, ao estar en contacto coa natureza

- Está de acordo con que a caza sexa considerada un deporte? Por que?
- Que opina de actividades que, como a caza ou os touros, ofrecen diversión aos seres humanos á custa do sufrimento dos animais?
- Parécelle que a caza é compatible con outras actividades e deportes de montaña? Por que? E coas explotacións forestais e gandeiras? Por que?
- Pensa que debería haber zonas destinadas a cada unha destas actividades? Por que?
- Cre que actividades como a caza, a pesca ou o sendeirismo contribúen a manter os ecosistemas ou, polo contrario, axudan á súa degradación?
- Considera que a caza é un bo sistema para controlar a poboación de certas especies? Por que?
- Quen pensa que debe xestionar o monte, as sociedades de caza, a veciñanza ou a Administración? Por que?

(Se procede)

- Existen diferenzas ou semellanzas na práctica da caza en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN D

Cada vez hai máis xente que quere vivir na aldea, pero sen adoptar os hábitos de vida e sen aceptar as incomodidades do rural

- Pensa que as aldeas deben contar cos mesmos servizos que as cidades? Por que? E parécelle que isto é posible? Por que?
- Considera que algunha xente da cidade ten unha visión idealizada da vida na aldea? Por que?
- Parécelle adecuado urbanizar as aldeas con medidas como cementar as corredoiras ou cortar a vexetación próxima ás vivendas? Por que?
- Cre que as administracións están apoiando a vida no rural? Por que?
- Pensa que se debería investir máis nas cidades, que é onde vive a maioría das persoas que paga impostos? Por que?
- Parécelle que é máis doado para alguén do rural trasladarse a vivir á cidade que para alguén da cidade ir vivir á aldea? Por que?

(Se procede)

- Existen diferenzas ou semellanzas na vida no rural en Galicia e no seu lugar de orixe?